

A lista de Juancho

Orientación

Juancho é un neno de 10 anos que vive nunha aldea preto de Lugo e que ten un problema que a él lle parece ben gordo e que quere solucionar. Resulta que sempre soe esquecerse das cousas, sobre todo daquelas que aos adultos lles parecen importantes. A súa nai dí que é un desmemoriado, que quere dicir que lle falta ou ten pouca memoria.

O sábado pola mañá a súa nai encargoulle que fora ao supermercado por uns produtos que necesitaba e de camiño encontrouse co seu amigo Xacobe, que é moi intelixente, sempre saca sobresañtes e ademais é o mellor da súa clase xogando ao fútbol.

Así que preguntoulle que podería facer para non esquecerse das cousas.

Juancho - díxolle Xacobe -, antes de contestarche imaxínate un armario onde a tua nai mete a túa roupa, a coloca nos estantes e nos caixóns poñendo a que máis usas diante e aquela que usas menos detrás. Logo cando chega o verán a cambia por outra e cando xa te queda pequena ou se rompe a tira e compra outra nova. A memoria é algo parecido, cada un ten o seu armario coa súa roupa que agora son datos que coloca ordeándoos o igual que xuntamos os xerseis ou pantalóns entre sí, lembrando mellor aquilo que tes colocado antes e que máis usas, mentras que o que non usas tanto cóstache máis de lembrar (temos que ir ao fondo do caixón para buscalo), así imos continuamente metendo unhas cousas e sacando outras según as vamos necesitado, e cando xa deixamos de usalas por moito tempo, como a roupa que xa non serve, acabamos desfacéndonos delas - ¿ a qué non lembras o que fixeches o segundo domingo deste mes ? -. Sí é certo - dixo Juancho- non necesito lembrar que fixen ese domingo porque non fixen nada especial, e se teño que guardar todo enchería o armario con cousas que non me serven para nada, pero sí teño que guardar as cousas que uso diariamente ou que vaia usar sempre, por exemplo necesito saber o camiño para ir a miña casa, ou ter a taboa de multiplicar porque a utilizamos sempre en matemáticas para resolver os problemas.

Si - dixo Xacobe - e esas cousas as tes no caixón das cousas que sempre estás utilizando polo que unha vez que están ben colocadas as lembras con moita facilidade porque sabes que sempre están ahí.

Vale - asentiu Juancho - tamén teño o caixón das cousas que meto durante un tempo e logo saco pero que xa non volvei a meter porque xa non necesitarei máis como esta lista da compra que teño que facer e que me gustaría lembrar.

Bueno - díxolle Xacobe - está ben apuntalas como te fixo a túa nai.

Sí - respondeu Juancho - pero eu quero demostrarlle a miña nai que podo recordalo todo sin levar unha lista.

Ben, nese caso - dixo Xacobe - como ves hai oito cousas para mercar, imos facer que as oito se convirtn en unha, para iso temos que ordear e xuntar - como facemos cos xerseis no armario -, só que aquí xuntamos e ordeamos palabras para formar unha frase ou si son moitas unha historia. Así oito cousas convertímola nunha soa.

Correcto, - dixo Juancho - isto é o que teño apuntado: pan, laranxas, mazás, leite, galletas, auga, iogures e macarróns.

Vale - contestoulle Xacobe - intenta facer unha historia divertida que poidas logo recordar.

Dacordo - dixo Juancho -, podería ser esta: Este curso temos un compañeiro novo que veu de Italia chamado Macarroni Aguado. Os pais traballan nunha leitería facendo iogures de frutas de mazá e laranxa e para o recreo traía un bocadillo de galletas.

Moi ben, ¡ noraboa Juancho ¡, saíuche perfecto - constestou Xacobe -, canto máis practiques verás que che resulta máis fácil crear historias e sairanche cada vez mellor.

Quero decirche que a memoria pódese mellorar, de xeito cantos máis exercicios fagas de lembrar cousas, máis fácil che resultará noutras ocasións.

Mira, teño un papel con exercicios divertidos que eu fago de vez en cando no meu tempo libre, si queres podes ti tamén intentar facelos.